

# **PREGUNTAS FRECUENTES MOBILIDADE**

## **FACULTADE CIENCIAS ECONOMICAS E EMPRESARIAIS**



### **PREGUNTAS FRECUENTES ERASMUS**

**Código Erasmus: E VIGO01**

#### **CONVOCATORIA**

**Quén publica a/s convocatoria/s de mobilidade?**

As convocatorias de mobilidade públicaas anualmente a Oficina de Relacións Internacionais (ORI) da Universidade de Vigo ou o SIOPE no caso SICUE.

Toda a información: <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade>

**Cal é o meu centro de Referencia?**

A Facultade de CC. Económicas e Empresariais de Vigo é o centro de referencia para o estudiantado dos graos de ADE e de Economía, así como para aquelas titulacións (masters/posgraos) adscritos a esta facultade.

**Cales son os requisitos iniciais que se deben cumplir para gozar dunha bolsa Erasmus/Mobilidade?**

A normativa de mobilidade da Universidade de Vigo esixe: (1) Estar matriculado na universidade de Vigo e (2) acreditar, como mínimo, competencias correspondentes ao nivel B1 do marco europeo de referencia para as linguaas (MCERL).

Ademais, a normativa de mobilidade específica da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo indica que o número máximo de créditos que se poden recoñecer en programas de mobilidade é do 50% da titulación.

**Cando e cómo teño que solicitar a bolsa Erasmus/Mobilidade?**

A solicitude unha vez publicada a convocatoria pola ORI, realizaase por internet (<https://uvigo.moveon4.de/form/60c38279ac1c46496e1dá6e4/glg>), identificándose como estudiante da Universidade de Vigo cos datos de acceso á secretaría virtual.

Nin o Decanato, nin o/a responsable de mobilidade teñen información previa de cando vai saír a convocatoria. Non vale de nada preguntar. A Universidade de Vigo publíca e informa nas listas

de correo e na web, así como a publicación de calquera bolsa adicional (MEC, Deputacións, Xunta de Galicia, Santander...).

O/A estudiante que desexe realizar un intercambio deberá comprobar o prazo de solicitude na convocatoria. Recoméndase non esperar ata o último día, xa que a aplicación pode colapsar.

### **Xa me beneficiei dunha bolsa de mobilidade, podo volver?**

Durante un mesmo ciclo de estudos, non se pode gozar de máis de 12 meses de bolsa Erasmus nas diferentes modalidades (estudos e prácticas). Por exemplo: un estudiante de Grao que gozase dunha bolsa Erasmus de prácticas de 6 meses só poderá solicitar unha bolsa Erasmus de estudios por un período máximo de 6 meses durante o Grao. Se queres repetir a experiencia de mobilidade despois de 12 meses, terías que solicitar un tipo de mobilidade diferente ao que xa tiñas.

Un mesmo estudiante pode solicitar unha segunda mobilidade SICUE, sempre que sexa nunha Universidade de destino diferente á que realizou o primeiro intercambio e nun curso académico diferente. Darase preferencia ao estudiante que nunca recibisen unha bolsa de mobilidade.

### **A bolsa Erasmus é incompatible con outras bolsas?**

Non hai incompatibilidade coas bolsas habituais para estudiantes (MEC, Xunta, etc.). Ademais, existen axudas específicas de institucións públicas para que os/as estudiantes gocen dunha bolsa Erasmus (Concello, Universidade, Deputación). Consulta con cada institución responsable da bolsa.

### **Son estudiante estranxeiro. Teño dereito a unha bolsa Erasmus/Mobilidade?**

Si, ademais dos estudiantes españois, poderán ser beneficiarios os cidadáns dun estado membro da Unión Europea, así como de Turquía, Croacia e Macedonia, e aqueles que estean en posesión dunha autorización de residencia en vigor para residir en España durante o período de realización da bolsa Erasmus de mobilidade

### **Como podo saber que destinos se ofrecen na miña titulación?**

Nos anexos da Resolución da convocatoria especificanse os destinos por centro, co tempo de estancia. Na web de Mobilidade antes indicada, tamén atoparás toda a información relacionada cos destinos ofertados na túa titulación, e información más específica nas respectivas webs de cada Universidade.

O/a responsable de mobilidade internacional do centro non pode recomendar un destino sobre outros. A elección dos destinos responde a criterios persoais.

Ademais da información do destino que ofrece cada Universidade podes acudir a multitude de webs turísticas que poden facilitar a túa elección, entre elas podemos sinalar Lonely Planet ([www.lonelyplanet.es](http://www.lonelyplanet.es))

### **Como se fai a selección?**

A selección realizaa o/a responsable de mobilidade internacional do centro. A selección implica cumplir cos requisitos que marca a normativa de intercambio da Universidade de Vigo, e realizase tendo en conta a nota media do expediente e a acreditación de idiomas.

### **Unha vez seleccionado, Podo intercambiar a miña praza cun compañoiro?**

Rotundamente NON. O proceso de selección segue as normas de concorrencia competitiva. Estas serían vulneradas neste caso.

### **Teño que enviar algúñ documento á Universidade de destino? Cando?**

Unha vez publicados os resultados finais da selección e coñezas o teu destino, terás que enviar os documentos que che solicite a Universidade de destino (solicitud de admisión - formulario de solicitud, Learning Agreement, copia do pasaporte, etc.). Entre os datos que piden está o código Erasmus da Universidade de Vigo, que é E VIGO01.

Terás que comprobar na súa web que documentos se tratan, e ter en conta o prazo para envialos. Se non os envías dentro do prazo, pode significar que non sexas aceptado como estudiante de mobilidade. En calquera caso, deberán enviarse antes do 30 de maio, se non antes da data límite.

### **A Universidade de destino podería rexeitar a miña solicitude?**

A Universidade de destino podería rexeitar a túa solicitude se non acreditas o requisito de idioma (ou doutra índole) na forma que eles determinen (algunhas universidades esixen un determinado certificado de idioma).

Tamén poden rexeitar a túa solicitude se non presentas a documentación no prazo que teñen fixado para a recepción de solicitudes.

Lembra que é a túa responsabilidade cumplir en tempo e forma todos os requisimentos.

### **En que idioma impártense as clases na Universidade de destino?**

As clases impártense no idioma local na Universidade de destino. Tamén hai moitas universidades que, aínda que non teñen o inglés como lingua materna, ofrecen docencia nese idioma. Isto débese consultar na páxina web da universidade de destino, así como os certificados de idioma que necesitan. Non ter a acreditación podería impedir a mobilidade.

### **Cal é o nivel das probas de idioma e cando se realizan?**

As probas de idiomas (inglés, francés, portugués e alemán) realizanse nas datas establecidas polo Centro de Linguas Uvigo ([centrodelenguas@uvigo.es](mailto:centrodelenguas@uvigo.es)) e comunicaranse vía correo electrónico a todos os/as estudiantes que solicitaron a bolsa Erasmus trala solicitude.

### **Canto tempo teño que ir?**

O período de estancia pode ser dun semestre (1º ou 2º) ou da totalidade do curso. Aínda que a oferta da estancia sexa por un semestre, se queres, podes solicitar unha prórroga dun ano á Universidade de destino e á Universidade de Vigo; normalmente sen problemas. Pero, isto é algo que debes solicitar e que se acepte.

### **Onde teño que pagar a cota de inscrición?**

Na Universidade de Vigo, coma sempre. É un trámite administrativo que hai que realizar en Secretaría. A Universidade de destino non poderá recibir pagos en concepto de prezos públicos de matrícula. Con todo, poderá esixir o pago de determinados gastos administrativos, seguros obligatorios, fotocopias, carné de estudiante, etc.

### **Onde residirei durante a miña estancia no estranxeiro?**

As Universidades anfitrioas comprométense a brindar asistencia na procura de aloxamento. Con todo, o estudantado é o responsable final e debe ter en conta que nalgúns cidades pode ser difícil de atopar. Por iso é importante cumplir cos prazos que se indiquen para enviar os formularios de reserva de aloxamento, se os houber. Canto antes o fagas, máis posibilidades tes de reservar praza. Hai algúns ligazóns que che poden axudar nesta tarefa: <http://universia.es> // <http://housinganywhere.com>

### **Quen xestioná a viaxe ata o destino?**

Tí es responsable de organizar a túa viaxe (billete de avión ou medio de transporte alternativo) e facer todos os arranxos necesarios para chegar á Universidade de destino. Lembra que se viaxas fóra da UE necesitarás solicitar un visado, para o que necesitarás polo menos dous meses de antelación.

### **Podo renunciar á praza unha vez concedida?**

Neste caso faise un chamado á responsabilidade. Por suposto, podes renunciar, porque sempre pode xurdir algúm imprevisto, pero confiamos en que os casos de renuncia se produzan exclusivamente por causas debidamente xustificadas. Pola contra, a súa participación en futuros cursos pode ser denegada ou limitada.

Se decides marchar unha vez iniciada a túa estancia, deberás comunicalo á ORI e á persoa Responsable de Relacións Internacionais do teu centro con carácter de urxencia.

## **CONTRATO DE ESTUDOS**

**Que é un Learning Agreement (LA), Acordo de estudos, Contrato de estudos?**

É o Contrato de Estudos (que o/a estudiante deberá levar á universidade de destino) no que se indican as materias para cursar na Universidade de destino e as materias para recoñecer na Universidade de Vigo. Debes ter un primeiro contrato de estudios (BEFORE) antes de irte.

Data tope: 30 de xuño.

Este contrato é o que utilizarás para matriculararte.

### **Cales son os requisitos específicos do Contrato de Estudos da Facultade de CC. Económicas e Empresariais?**

A normativa de mobilidade da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo esixe que se cumpran as seguintes condicións no contrato de estudos:

- Realizar un número mínimo de 18 créditos (1 cuatrimestre) e 36 (dous cuatrimestres).  
Máximo 60 ECTS (5% marxe)
- Só se permite incluír materias de terceiro e cuarto curso, a condición de que NON se suspenderan previamente na Universidade de Vigo
- Non se recoñecen os idiomas por ningunha materia do plan de estudos
- O TFG non poderá formar parte dos acordos de intercambio

### **O Contrato de Estudos pode modificarse? Cal é o prazo máximo para estas modificacións?**

Si. De feito, o Learnign Agreement (LA) ou contrato de estudos (BEFORE) é probable que teñas que modificalo e cambiar as materias que elixiches inicialmente por varios motivos (cambios na oferta do destino, horarios...) (DURING).

O PRAZO MÁXIMO para facer estes cambios adoita ser de **30 días** desde o inicio de cada semestre.

### **Quen é o responsable do Contrato de Estudos na Facultade de CC. Económicas e Empresariais?**

A elaboración (A BEFORE), así como as modificacións do contrato de estudos (A DURING), debe realizaras o/a estudiante baixo o asesoramento do/a TITOR/A ACADÉMICO/A asignado desde a facultade de Ciencias Económicas e Empresariais de Vigo, que é quen o valida.

Unha vez validado o contrato por este/a titor/a, o/a Responsable de Intercambio da Facultade de CC. Económicas e Empresariais, así como da Facultade de Destino son os que deben asinarchos. É obriga do/a estudiante avisar a estes responsables, obter estas firmas e facelo chegar asinado e completo ao/a responsable de Intercambio da facultade para o seu uso futuro no recoñecemento (rifcee@uvigo.gal). Se as modificacións inflúen na matrícula efectuada na Universidade de Vigo, deberán ser notificadas polo estudiantado á Secretaría de Alumnado do centro.

### **Que materias deben figurar no contrato de estudos (LA)?**

Debes buscar a máxima equivalencia entre materias na orixe e no destino de forma que o Learning Agreement (LA) permita ao estudiantado adquirir competencias e coñecementos similares. Para iso axúdate da información das guías docentes das materias na facultade de CC Económicas e Empresariais ([https://secretaria.uvigo.gal/docnet-novo/guia\\_docent/?consulta=signatures&ensenyament=V03G100V01&idioma=cast](https://secretaria.uvigo.gal/docnet-novo/guia_docent/?consulta=signatures&ensenyament=V03G100V01&idioma=cast)) así como nas webs das universidades de destino.

Lembra que é o teu titor/a académico/ao que ten a potestade para determinar se podes ou non cursar e recoñecer os créditos en orixe e destino.

### **Onde e cando me matriculo?**

O estudiantado debe matricularse na Universidade de Vigo. Pero é, **MOI IMPORTANTE** que comuniques á Secretaría do centro a túa condición de estudiante de mobilidade co contrato de estudos (LA), e calquera modificación do mesmo, que tramitará, no seu caso, os correspondentes cambios na matrícula ([secfcee@uvigo.gal](mailto:secfcee@uvigo.gal)).

Asegúrate de estar debidamente matriculado/a, como **estudiante de intercambio** e non con matrícula ordinaria. Se non o estiveses non será posible o recoñecemento.

### **Como se recoñecen os créditos cursados na Universidade de destino?**

Ao final da estancia, a Universidade de destino enviará as cualificacións (Transcript of Records - ToR). O/a Responsable de mobilidade do centro, seguindo as instrucións da Comisión Europea na “Guía de Usuario ECTS”, recoñecerá os créditos por bloque, ou materia por materia segundo o acordado no contrato de estudos (LA).

### **Xa regresei da miña estadía no estranxeiro e aínda non teño os recoñecementos das materias feitas, por que?**

Para realizar os recoñecementos, o/a responsable de relacóns internacionais necesita o contrato de estudo (Learning Agreement -A) con TODAS as firmas e selos, e o **expediente académico orixinal** (Transcripción de Expedientes -ToR). Asegúrate que llo fas chegar ([rifcee@uvigo.gal](mailto:rifcee@uvigo.gal)).

Se falta algún destes dous documentos, ou o/a estudiante matriculouse incorrectamente (como ordinario e non como mobilidade, ou non se matriculou en absoluto) non se poderá realizar o recoñecemento.

Se os expedientes académicos (ToR) non chegan antes do prazo de matrícula, e polo tanto, non están incorporados os recoñecementos ao teu expediente, non é obligatorio que te maticules no prazo ordinario de matrícula, senón que podes esperar a que chegue o transcript e matricularte posteriormente.

### **Que pasa se suspendo unha materia?**

No caso de suspender unha ou varias materias, a nota será a mesma para a materia ou materias correspondentes no contrato de estudos.

A segunda convocatoria debe realizarse **sempre** na Universidade de destino, polo que non é posible presentarse aquí na convocatoria de xullo.

### **Quen son os RESPONSABLES de cada trámite?**

A Oficina de Relacións Internacionais da Universidade de Vigo (ORI, <https://www.uvigo.gal/estudar/mobilidade>) encárgase de todos os trámites administrativos para os/as estudiantes de intercambio. Esta Oficina elabora unha Guía Práctica para estudiantes Erasmus que é de gran axuda.

Os asuntos de matrícula, ou recepción de actas son responsabilidade da Secretaría de Alumnado.

Se ten algún trámite desta natureza, contacta directamente con Secretaría ([uvigo.gal/estudar/xestions-estudiantes/mentres-estudas@uvigo.gal](mailto:uvigo.gal/estudar/xestions-estudiantes/mentres-estudas@uvigo.gal)).

Os asuntos académicos son responsabilidade do/a Titor/a e do/a Responsable de Relacións Internacionais do centro. O/a titor/a académico é o/a responsable de elaborar e validar o teu contrato de estudos, pero é o/a Responsable de Relacións Internacionais do centro o/ao que se encarga de asinalo. O/a Responsable de Relacións Internacionais do centro é responsable unicamente dos trámites académicos: validacións, LA e ToR. Calquera outro documento fóra da ou ToR é para a ORI.

Estes responsables axudaranche por correo electrónico e persoalmente durante o ano académico, fóra de vacacións, fins de semana, festividades ou permisos. Por favor consulta o calendario académico que publica a Uvigo ([uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/calendario-academico](https://www.uvigo.gal/estudar/organizacion-academica/calendario-academico)) cada ano.

**En calquera caso, non esquezas que o último responsable de cumplir as bases da convocatoria, e realizar os requisitos necesarios en tempo e forma, tal e como indican as normativas tanto en orixe como en destino, é o estudiantado que solicita e acepta a mobilidade.**

### **OUTRA INFORMACIÓN**

#### **Que outra información importante debo saber?**

**Como me comunico co/a responsable de relacións internacionais ou a secretaría administrativa do centro?**

A mellor forma é a través do correo electrónico, pero debes saber que os correos electrónicos que **non** cumpran coas seguintes regras serán ignorados:

- Os correos electrónicos deben enviarse a [rifcee@uvigo.gal](mailto:rifcee@uvigo.gal), non ao seu correo electrónico como profesor/a.
- Faino sempre desde o teu correo electrónico [@alumnos.uvigo.es](mailto:@alumnos.uvigo.es). Ignoraranse outras orixes.
- Identificate completamente con nome e apelidos, NIF, titulación, tipo de mobilidade e Universidade de destino en todos os correos electrónicos que envíes.
- Debe deducirse claramente o que se solicita.
- Sempre responde ao correo electrónico enviado anteriormente, para que todas as mensaxes se garden nunha soa conversa.

### **Sobre a sinatura Electrónica**

As sinaturas dos documentos do LA realizanse electronicamente. Asegúrate de ter instalado no navegador do teu ordenador o teu certificado electrónico FNMT <https://www.sede.fnmt.gob.es/certificados/persona-fisica> e o programa Autofirma <https://firmaelectronica.gob.es/Home/Descargas.html> que che permitirá asinar os PDF. Como medida de seguridade adicional, deberás autorizar por escrito a unha persoa da túa confianza para que poida realizar os teus trámites persoalmente no caso de ser necesario.

## **PREGUNTAS FRECUENTES SICUE**



### **Que é o programa SICUE?**

SICUE é un programa de mobilidade nacional que permite que un/a estudiante universitario/a realice parte dos estudos nunha universidade española distinta á súa, con garantías de recoñecemento académico, aproveitamento e adecuación ao seu perfil curricular.

O Programa SICUE é un sistema de intercambio, non unha bolsa. Adoitaba estar apoiado polas bolsas SENECA do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, pero desde o curso 2013-2014 non foron convocadas polo Ministerio.

### **Onde se publican as relacións de prazas de mobilidade concedidas?**

Nas páxinas web e taboleiros de anuncios da oficina de mobilidade da universidade de orixe.

### **Onde se presentan as solicitudes?**

Os/as estudiantes presentan as súas solicitudes na súa universidade de orixe, a través do sistema informático correspondente, se o houber, ou presentando o formulario A – Solicitud de mobilidade académica, dispoñible nesta web, nas súas correspondentes oficinas de mobilidade.

### **Cantos créditos hai que superar e matricular antes de solicitar o intercambio?**

Ter superados na súa universidade de orixe un mínimo de 45 créditos e estar matriculado en 30 créditos máis, sen prexuízo do cumprimento da normativa interna da universidade de orixe no relativo ao mínimo de créditos superados para poder optar a unha bolsa de mobilidade, nese caso aplicarase dicha normativa.

### **Cantos créditos hai que matricular na universidade de orixe para realizar durante o intercambio?**

A duración da estancia na universidade de destino será, como mínimo, de medio curso e, como máximo, dun curso completo, debéndose cumplir, en cada caso, os seguintes requisitos:

- Un curso completo: para cursar un mínimo de 45 créditos.
- Medio curso: para cursar un mínimo de 24 créditos.

Naqueles supostos en que ao/á estudiante lle resten para finalizar os seus estudos menos créditos que o mínimo esixido en cada tipo de estancia, poderá optar ao intercambio se cumpre o resto de requisitos.

## **No caso de estudiantado con discapacidade**

No caso do estudiantado con grao de discapacidade igual ou superior ao 65 %, establecese unha menor carga lectiva:

- Un curso completo: para cursar un mínimo de 24 créditos
- Medio curso: para cursar un mínimo de 12 créditos

Nestes casos, as universidades de orixe e de destino procurarán informar, coordinar e realizar o seguimento más adecuado, a través das persoas responsables de mobilidade e unidades de apoio de estudiantado con discapacidade, para o mellor desenvolvemento dos seus intercambios.

## **Pódense cursar materias suspensas e optativas durante a mobilidade?**

No caso das materias suspensas, a condición de que non contraveña a normativa interna da universidade de orixe e a coordinación académica da devandita universidade así o autorice, pódense incluír no acordo académico materias do estudiante cualificadas como suspensas. Esta circunstancia deberá quedar reflectida na convocatoria interna de cada universidade.

No caso de que o estudiantado desexe incluír no intercambio SICUE unha materia, que non se atopa na titulación obxecto do acordo académico, poderá cursala en titulacións afins coas que non haxa acordo, previa autorización de todos: a coordinación da universidade de destino implicada, así como a coordinación académica da universidade de orixe.

Poderanse cursar optativas do plan de estudos da universidade de destino, non incluídas no plan de estudos da universidade de orixe, mediante a súa incorporación posterior como optativas ao expediente do estudiantado na universidade de orixe.

## **Pódense cursar as prácticas e os proxectos fin de carreira durante a mobilidade?**

Si, é posible. Os créditos correspondentes poderán contabilizar entre os mínimos establecidos como requisitos da Convocatoria SICUE.

## **Quen realiza a selección e valoración de solicitudes?**

A selección dos/as candidatos/as en cada universidade de orixe será realizada por unha Comisión ad hoc presidida polo/a representante da Institución. Para a valoración, terase en conta a nota media do expediente coas cualificacións obtidas.

## **Póde reclamar no caso de que a praza sexa denegada?**

En caso de denegación da solicitude, o/a interesado/a poderá reclamar ante o mesmo órgano que a ditou, no prazo indicado na convocatoria, cando concorra algunha das circunstancias seguintes:

- (a) Que se incorreu en erro por mor de interpretación equivocada dos documentos achegados ou da valoración do seu expediente académico.
- (b) Que apareza ou se acheguen novos documentos de valor esencial para a resolución.
- (c) Que na resolución inclúisen documentos de dubiosa validez.

(d) Outras circunstancias debidamente xustificadas.

**Como se escollen as materias que deben cursarse durante a mobilidade?**

Unha vez concedida a praza de mobilidade SICUE, o/a estudiante terá que cumprimentar o Impreso C-Acordos Académicos no prazo establecido. Nel virá recollida a equivalencia entre as materias matriculadas na universidade de orixe e as materias para cursar na universidade de destino. O acordo académico é un documento aceptado e consensuado polas tres partes implicadas (estudantado, centro de orixe e centro de destino) e terá carácter oficial de contrato vinculante para os asinantes e só poderá ser modificado no prazo dun mes a partir da incorporación do/da estudiante ao centro de destino.

**Pódese gozar máis dunha vez dun intercambio SICUE?**

Un/a mesmo/a estudiante pode solicitar a mobilidade SICUE por segunda vez, a condición de que sexa nunha universidade de destino distinta daquela na que realizou o primeiro intercambio. Por outra banda, o feito de que xa fose beneficiario/a de SICUE podería afectar á forma de avaliar a súa solicitude por parte das persoas coordinadoras.

**Poden os/as estudiantes comunitarios/as e non comunitarios/as residentes en España solicitar unha praza de mobilidade?**

Si

**Pode un/a estudiante que se atope de intercambio con outro programa solicitar unha praza de mobilidade?**

Si, sempre que o período de goce do intercambio non coincida coa devandita mobilidade.